



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. A/S/C23-15

ANUNCIO

Asto.: Adxudicación do contrato administrativo do "Servizo de axuda no fogar" (SAF) do concello de Bueu

A Xunta de goberno local, na sesión ordinaria celebrada con data 20 de xullo de 2015, acordou, entre outros, o seguinte:

1º.- Adxudicar a IDADES S.L, CIF. B- 36577542 o contrato administrativo do "Servizo de axuda no fogar" (SAF) do concello de Bueu, polo importe anual de 166321,92 euros, sen IVE, polas dúas modalidades de prestación, aos que sería de aplicación o 4% e o 10% de IVE para o SAF Dependencia e SAF libre concorrencia respectivamente, o que supón un importe anual polas dúas modalidades de prestación de 174801,23 euros, IVE engadido.

O desglose do prezo de adxudicación do contrato é o seguinte:

A. SAF DEPENDENCIA.-

Prezo anual (sen IVE)	IVE anual	Prezo anual (con IVE)	Prezo TOTAL, incluídas as prórrogas (IVE engadido)
135881,16	4%-5435,24	141316,40	423949,20

B. SAF LIBRE CONCORRENCIA.-

Prezo anual (sen IVE)	IVE anual	Prezo anual (con IVE)	Prezo TOTAL, incluídas as prórrogas (IVE engadido)
30440,76	10%-3044,07	33484,83	100454,49

Inclúese no prezo de adxudicación as seguintes melloras ofertadas no sobre B da proposición presentada por IDADES S.L, CIF. B- 36577542 8RE núm. 4292/15 de 02.06.2015):

Melloras

Limpezas extraordinarias:200
Atencións psicolóxica e de educación social: 250
Atencións podolóxicas, de fisioterapia, terapia ocupacional :200
Outras atencións profesionais a especificar de titulados medios ou superiores: 75
Outras atencións non incluídas nos apartado anteriores a especificar (perruquería, acompañamentos etc) : 75

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (sobre A e B, RE núm. 4292/15 de 02.06.2015), as procedementais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP (cláusula XIV) e nos PPT aprobados pola Xunta de goberno local, na sesión ordinaria de 30.04.2015, que contén as prescricións técnicas da contratación de referencia e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula XIII do PCAP e os arts. 156.3, en relación co artigo 112.2.b) do



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

TRLCSP, o contrato que resulte non poderá formalizarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos, dado que o contrato é susceptible de **RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CONFORME Ó ARTIGO 40 TRLCSP.**

Neste senso, o órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentaráse, previamente á formalización do contrato administrativo, copia da póliza e recibo do seguro de responsabilidade civil obrigatorio para o adxudicatario, segundo a cláusula XIV.2.B) dos PCAP.

Nos casos de incumprimento da obriga precisada nesta cláusula por parte da empresa proposta ou adxudicataria, o contrato poderá resolverse, de ser o caso, e adxudicarse á seguinte oferta máis vantaxosa.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

- A duración contractual deberá axustarse ao disposto nas cláusulas II “Duración do contrato e prórroga” e XXII “Cláusula especial de resolución do contrato por mor do previsto na disposición transitoria 2ª da lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da administración local”

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos e excluídos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:

Identidade	RESULTADO DA ADMISIÓN/EXCLUSIÓN
ATENDO CALIDADE S.L	ADMITIDO
CRONO SERVICIOS SOCIALES S.L CIF. B-94070679 Edith Pita Hermida (administradora única) DNI. 52.493.960-W	ADMITIDO
PEDROSO Y ROJAS S.L CIF.B-36461820 Bibiana Rojas Názar (administradora única) DNI. 76.930.909-A	ADMITIDO
SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L CIF. B-27348614 Dionisio Pérez Castro (administrador solidario) DNI. 33.858.049-W	ADMITIDO
IDADES S.L CIF B-36577542 Rpte legal: Víctor Manuel Duran Amoedo DNI. 35.259.494-B	ADMITIDO
PRETO DE TI S.L CIF. B-36534147 Amparo Parceros Molanes (administradora solidaria) DNI 35.287.984-G	ADMITIDO
5SENTI2 BUEU S.L	EXCLUIDO



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

CIF. B-94097607
Angela M^a Villanueva Ríos (Administradora única)
DNI. 53117252-V

As razóns polas que se desestimou a candidatura de 5SENTI2 BUEU S.L ,CIF. B-94097607, candidato descartado, resultan da acta da sesión da Mesa de contratación celebrada con data 18.06.2015, son as seguintes:

Incumprir os requisitos mínimos na presentación da documentación que debe conter o sobre A e variar sustancialmente o modelo de oferta económica que debe incluírse no sobre B polos seguintes motivos:

a) A documentación incluída no sobre A da súa proposición se relaciona na acta núm. I/C23-15 de 8.6.15 da sesión constitutiva da mesa de contratación do seguinte xeito:

		REQUERIMENTOS MÍNIMOS QUE DEBERÁN REUNIR AS OFERTAS PARA SER VALORADAS (cláusula X.2.2. dos PCAP)			
Núm. e data do Rex. do concello	Identidade	Prox. dos traballos/método organizativo	Rel. de persoal (organigrama, experiencia, titulación, etc.)	Compromiso de subrogación do persoal	Plan de formación continuada
FAX RE 4351 / 3.6.2015 DOC. RE 4379/ 4.6.2015	5SENTI2 BUEU S.L CIF. B-94097607 Angela M ^a Villanueva Ríos (Administradora única) DNI. 53117252-V	<u>Non consta</u>	<u>Non consta</u>	<u>Non consta</u>	<u>Non consta</u>

A documentación aportada por 5SENTI2 BUEU S.L, CIF. B-94097607 incumpre os requirimentos mínimos previstos na cláusula X.2.2. dos PCAP non permitindo á mesa efectuar unha valoración ao respecto quedando imposibilitada para coñecer o proxecto de prestación do SAF Bueu que a entidade oferta.

b) A documentación incluída no sobre B da súa proposición incumpre o modelo de proposición económica que figura no anexo IV dos PCAP no senso sinalado na presente acta o que supón que a súa proposición económica varía sustancialmente do establecido o que leva á mesa a rexeitalo por alterar o sentido da mesma no senso de non conter as correspondentes declaracións como contido obrigacional básico e esencial da oferta económica.

O que se publica en cumprimento do ordeado pola Xunta de goberno local en base ao disposto nos artigos 53.2 e 151 do Real decreto legislativo 3/2011 (TRLRSP).

Bueu, 30 de xullo de 2015

O Alcalde

Félix Juncal Novas